

NOVO MATERIAIS ARQUEOLOXICOS DO CASTRO DE VILADONGA NO MUSEO DE LUGO

por FELIPE ARIAS VILAS

O xacemento castrexo de Viladonga é un dos mais senlleiros de Galicia non só pola súa monumentalidade senón tamén polos seus achados, que demostran unha longa pervivencia do seu hábitat, aproximadamente desde o século V antes de X. C. ate o s. V da nosa Era.

O seu gran sistema defensivo, reforzado seguramente a partires do s. III d. C., abranxe unha coroa ou acrópole de case uns 100 m. de diámetro, chea de casas de tipo circular, cuadrangular, de esquinais en ángulo recto e, algunhas, cun pequeno pórtico diante, ademais doutras edificacións posibelmente de uso comunitario. O interés arqueolóxico e histórico deste castro é, xa que logo, grande e non imos facer agora fincapé nel. (1). Tendo en conta que as excavacións aínda non están nin moito menos rematadas, e que este xacemento contará no futuro cun Museo Monográfico ó seu pé, podemos agardar que o castro e os materiais nel aparecidos cumpran aínda mellor a función científica e cultural que lle está asinada pola súa importancia.

Asegún a lexislación e normativa vixente en cuestións arqueolóxicas, os materiais e obxetos aparecidos en excavacións autorizadas polo Estado, (as non autorizadas son ilegais e penábeis e o seu material requisábel sen dereito a percibir indemnización), deben conservarse no Museo arqueolóxico da provincia onde estea situado o xacemento, agás algunhas excepcións que, polo momento, non existen neste caso, como é o de funcionar un Museo Monográfico daquel.

Hai que adiantar, asimesmo, que a gran cantidade de cerámica aparecida no castro está aínda en proceso de debuxado e estudo, tanto a de tradición castrexa como a común ou de cociña e as boas e abundantes mostras de «terra sixilata» ou cerámica de mesa de barniz bermello, característica da época romana.

En troques, no Museo Provincial de Lugo gárdanse xa os materiais mais senlleiros e de maior interés arqueolóxico pola súa singularidade. Na chamada Sala do Tesouro, xunto coa colección Gil Varela de Orfebrería prerromana, pódense ver as seguintes pezas, que citamos por orde cronolóxico asegún o seu tipo e datación convencional: un machado de bronce de catro anelas, de tipo único e sen paralelos en toda a Europa atlántica (2),

(1) Véxanse, para mais detalles, M. CHAMOSO LAMAS, «Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados», *Actas del Coloquio sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo 1977, p. 41 ss., e F. ARIAS VILAS, *Castro de Viladonga*, (folleto), Lugo 1979.

(2) Cfr. L. MONTEAGUDO, *Die Beile auf Iberischen Halbinsel* (PBF IX), München, 1977, p. 241.

un puñaliño dos chamados «de antenas», tamén de bronce pero que, tipolóxicamente corresponde á Edade do Ferro. Estas dúas pezas teñen seguramente carácter simbólico ou residual tanto polas súas propias características como polo contexto arqueolóxico do castro.

Non se podería dicir o mesmo doutros obxectos, tamén enxebremente castrexos, pero mais «utilizábeis» en todo momento: un torques de ouro rebaixado, de aramio enrollado e remates en periña, idéntico a outro, da colección Gil Varela, que aparecera casualmente no mesmo castro en 1911. Consérvanse tamén outro fragmento de torques con parte do remate, unha arracada ou pendente de tipo arriñonado, con cadeíña para colgalo por riba da orella, e un anel fitomorfo liso de remates en punta sobrepostos, todo tamén de ouro.

O lado disto, outras pezas xa corresponden á época romana, sendo de destacarmos, en primeiro lugar, un freo de cabalo figurando dúas panteras afrontadas, de orixe oriental e gran perfección técnica e expresiva, peza característica dos xacementos baixorromanos e tardíos da Península Ibérica. Tamén son de interés, unha taciña e un pequeno culler ou cuchariña («cochlear») fragmentada, ámbalas dúas de prata. Por último, nesta Sala, un anel de ouro con chatón de esmeralda e dúas contiñas de malaquita verde, xunto con dous áurecs (moedas de ouro) do emperador Arcadio (385 d. C.), ccmproban a pervivencia de Viladonga polo menos ate comezos do s. V.

O fondo da ala do Claustro alto do Museo, que está adicada a Prehistoria e Arqueoloxía, unha ampla vitrina expón unha escolla de obxectos aparecidos nas últimas excavacións sistemáticas realizadas na provincia: cidade de Lugo, castro de Penarrubia e castro de Viladonga. A este pertencen unha serie de materiais de singular interés arqueolóxico e histórico, na súa maior parte de época baixorromana e tardía (s. III - V d. X. C.), que teñen paralelos noutras partes do Imperio romano de Occidente e, sen ir mais lonxe, nos xacementos galegos de Penadominga (noutra vitrina a carón desta), Moraima (no Museo Histórico-arqueolóxico de San Antón, da Coruña), A Lanzada (no Museo de Pontevedra), e aínda outros (3).

Hai que salientar todo un gran conxunto de fibulas de bronce dos mais diversos tipos: as chamadas de Sabroso, de longo travesaño, de seudonavicela, así como febillas en omega. Todas elas abranxen unha ampla cronoloxía e hainas de tradición propriamente castrexa e da Edade do Ferro, e outras que son mais ben de clara influencia romana ou, polo menos, mais usadas en época romana.

O seu lado, móstranse varios apliques de vestido e tamén de cabalería, ben circulares, ben xeométricos e de tipo pelta e incluso figurando cabezas humanas, todos eles moi semellantes a outros que hai na vitrina anterior, procedentes do xacemento queirogués de Penadominga.

Outros obxectos de bronce entran mais na categoría de ferramentas ou úteis de traballo: pequenas cadeas, asas de caldeiro ou situla, sacapontos,

(3) Pode verse no tocante a este tema, F. ARIAS VILAS e M. CAVADA NIETO, «Galicia bajorromana», *Gallaecia*, 3-4, 1977-78, p. 91 ss., e recentemente, P. ACUÑA FERNANDEZ e F. ARIAS VILAS, «Algunhas cuestións sobre os asentamentos na Galicia baixorromana», presentado ao **II Seminario de Arqueoloxía do N. O. peninsular** (Santiago, Setembro 1980) (no prelo).

balanzas de precisión (relacionábeis coa orfebrería?) e incluso un compás completo. Estes instrumentos, igual que as ferramentas e armas de ferro que tamén se exhiben na vitrina, estannos a falar dunha xente que ocupaba o castro, adicada a traballos artesanais e agrícolas (asoelláronse gran cantidade de muiños de man), pero tamén cun carácter militar, seguramente de guarnición privada ou semiprivada vencellada aos señores ou «potentiores» latifundistas (cu quizais mineiros) da moi cercana vila de Doncide: así temos escoplos, cinceis, algún tipo de aixada, etc. a carón de puñais e pontas de lanza claramente vencellábeis a grupos militares ou paramilitares da época baixorromana igual que noutros lugares da Península como toda a Meseta Norte. (4).

Ademáis dalgunhas mostras de cerámica de mesa, en especial de terra sixilata hispánica tardía, con decoración de círculos e anguliños, así como anacos de botelliñas e taciñas de vidro, hai tamén outros obxectos mais propios para o adorno persoal: contas de colar de pasta vítrea, en diversas cores, e varios aneis do mesmo material ou de bronce, con marcas e deseños moi curiosos.


For último, e como cousa singular, exhibese tamén, procedente do xacemento, unha das dúas «tabula latrunculata» alí aparecidas, xogo de taboleiro semellante ó actual das «damas», de época romana e feito cunhas sinxelas liñas incisas sobre un chanto de pizarra, cos «calculi» ou fichas tamén do mesmo material.

Todo isto non é senón unha escolla ou amósega dos materiais arqueolóxicos que, procedentes do Castro de Viladonga, se conservan no Museo Provincial de Lugo, moitos deles provisoriamente e entanto non se abra o Museo Monográfico do sitio. Engádanse a eles toda a cerámica castrexa e común romana, tódolos muiños circulares de man (mais dun cento), a gran abundancia de tellas de tipo «tégula», e a terra sixilata e outra cerámica fina, que aínda está en estudo, e comprenderase axiña que este xacemento lucense, que domina toda a parte oriental da Terra Chá, é de gran importancia arqueolóxica e histórica e que é imprescindible a súa excavación e o seu estudo completo e polo miúdo para nos ilustrar sobre a pervivencia de moitos castros en época romana, e o seu papel no contexto crítico dos séculos que dan paso aos primeiros tempos altomedievais.


(4) Véxase por exemplo, L. CABALLERO ZOREDA, *La necrópolis tardorromana de Fuentespreadas (Zamora). Un asentamiento del valle del Duero*, Excav. Arqueol. en España, n.º 80, Madrid 1974, e P. DE PALOL y J. CORTES, *Excavaciones en la villa romana de la Olmeda*, Acta Arqueológica Hispánica 7, Madrid 1974, así como outros traballos, fundamentalmente de Palol, sobre o mesmo tema.




1.—Castro de Viladonga, Vista aérea co estado das Excavacións en 1973. (Foto J. Carballal)




2.—Castro de Viladonga, Pezas Senlleiras de época Castrexa e Romana na Sala do Tesouro do Museo de Lugo.




3.—Castro de Viadonga. Conxunto de Fíbúlas, Apliques e outros obxectos de Bronce. Contas de Colar, Vidros, etc.



4.—Castro de Viladonga. Cadeiñas, Balanzas, Compás e outras ferramentas e úteis de Bronce e Ferro.



5.—Castro de Viladonga, Ferramentas e Armas de Ferro.



6.—Castro de Vi'adonga. «Tabula Latrunculata» ou Xogo de Taboleiro feito en Pizarra.